En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12359**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do centro aberto de acollida de menores con dificultades familiares ou en risco de exclusión "Príncipe Felipe", en Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 153 do 27 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Centro Príncipe Felipe é un centro de acollemento residencial para a atención a menores en situación de desprotección, baixo a tutela ou garda da Xunta de Galicia, e dispón de medios estruturais, materiais e humanos para prestar o servizo.

Corresponde á Xunta de Galicia, a través das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, a protección dos menores, asumindo a súa tutela ou garda e distribuíndo os recursos e programas dispoñibles en función das necesidades de cada menor.

Para cada un dos menores que se deban ingresar no Centro Príncipe Felipe se busca a medida mais axeitada e conveniente en función das súas circunstancias persoais, familiares e sociais.

Os criterios de actuación da Xunta de Galicia na atención aos menores que precisan protección son considerar prioritario que o neno poida permanecer na súa familia extensa, ou, se esta non existe ou non é axeitada para facerse cargo del, nunha familia acollidora allea. Só cando estas opcións se desbotan se acude ao ingreso nun centro.

É certo que o perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e cada vez é maior o número de nenas e nenos que, en idades cada vez máis temperás,



manifestan un carácter violento e conflitivo, con sintomatoloxía psiquiátrica, aos que se da resposta dende toda a rede de recursos de protección.

Debemos ter en conta que os nenos do sistema de protección de menores constitúen unha poboación de gran vulnerabilidade. Por un lado a maioría deles, se non todos, entran no sistema logo de padecer experiencias traumáticas de diferente índole (abandono, abuso, maltrato físico ou sexual, alto nivel de conflito, etc.) ao longo das súas vidas nos seus entornos familiares.

A Cidade Infantil Príncipe Felipe está formada por un conxunto de módulos ou unidades de convivencia nas que a Xunta de Galicia ten conveniadas 100 prazas de protección de menores en catro unidades. 10 prazas na unidade de primeira acollida e valoración (UPA), e 65 prazas de internado e 25 de atención de día en tres fogares: Centro Infante Xuvenil Agarimo, Centro Infante Xuvenil Escola Fogar e Centro Infantil.

Desde hai anos, convéníase coa Deputación de Pontevedra a utilización de prazas residenciais e de atención de día na Cidade Infantil Príncipe Felipe de Pontevedra.

Por solicitude da Deputación de Pontevedra, o 20 xaneiro 2016 mantívose unha xuntanza entre a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e os responsables do centro Príncipe Felipe para abordar catro cuestións que desexan incorporar ao convenio. Entre elas, acordouse un incremento de 17.000 euros no importe do convenio, quedando nos 782.000 euros actuais.

Desde fai uns anos mantéñense xuntanzas coa Deputación de Pontevedra e a dirección do Centro Príncipe Felipe para tratar diferentes temas do funcionamento do centro, derivadas fundamentalmente da dificultade de atención de menores máis conflitivo. Este perfil de menores prevalece nos últimos anos, apreciándose un incremento dos menores con dificultade de conduta que son atendidos en toda a rede de centros de protección.

Froito das xuntanzas mantidas entre as dúas Administracións, desde o ano 2014, por proposta da Deputación, incorporouse ao convenio unha comisión de avaliación das propostas de ingreso, baixas e incidencias producidas no centro. As propostas desta comisión deben ser avaliadas pola Xefatura Territorial, que adoptará ao respecto a medida que corresponda respecto do menor.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 22108
Data envío: 03/01/2018 13:48:23.233

Na actualidade e froito das últimas conversas coa Deputación de Pontevedra estase a tramitar un convenio para o ano 2018 no que, atendendo á solicitude desa deputación, se prescinde do servizo prestado nese centro como Unidade de Primeira Acollida.

Con todo, o servizo de Unidade de Primeira Acollida de menores do sistema de protección se manterá na provincia de Pontevedra, aínda que non será nas instalacións da Cidade Infantil Príncipe Felipe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: bc7cdee8-2b21-4db4-7880-b760ff1596e1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 22108
Data envío: 03/01/2018 13:48:23.233

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:48:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 10082**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio respecto da afectación do Camiño Real de Vilar da Fraga, situado na parroquia de San Pedro de Soandres, no concello da Laracha, pola construción dun campo de tiro olímpico”**, (publicada no BOPG número 128 do 14 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 29.09.2017- ao darlle resposta á pregunta 13180 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:59
Nº Rexistro: 22161
Data envío: 03/01/2018 13:59:12.519

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:59:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8362**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Rio e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas”**, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos previstos na Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, e con cargo aos orzamentos xerais do exercicio correspondente, outorga as formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia a posibilidade dunha subvención anual para atender aos seus gastos de funcionamento.

A Lei 9/2015 foi aprobada no mes de agosto de 2015, e o crédito consignado para ditas subvencións se contempla por primeira vez nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o exercicio 2016.

O crédito da aplicación orzamentaria divídese en dúas partes. Unha parte se distribúe en proporción ao número de escanos obtidos nas derradeiras eleccións ao Parlamento de Galicia, sendo a súa contía equivalente ao 40% do importe total da subvención. A outra parte, equivalente ao 60% restante, distribúese en proporción aos votos obtidos por cada formación política en ditas eleccións.

Realízase o pago por meses naturais, sendo prorrateado o total anual por doceavas partes e unha vez tramitado o correspondente expediente de gasto.

Este é o segundo exercicio orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia durante o que se executa o crédito consignado para tal fin.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:59
Nº Rexistro: 22162
Data envío: 03/01/2018 13:59:23.800

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:59:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10083**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio respecto da afectación do Camiño Real de Vilar da Fraga, situado na parroquia de San Pedro de Soandres, no concello da Laracha, pola construción dun campo de tiro olímpico, así como a súa opinión referida á necesidade de facer novas investigacións para confirmar a súa coincidencia cun tramo da Vía XX romana, a súa protección actual e a súa posible inclusión no Catálogo de bens do patrimonio cultural de Galicia”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 29.09.2017- ao darlle resposta á pregunta 13180 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:59
Nº Rexistro: 22160
Data envío: 03/01/2018 13:59:01.190

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:58:55



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14711**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para o mantemento das diferencias existentes entre os 24 Grupos de Emerxencias Supramunicipais no referido ás probas de acceso, situación e condicións laborais, formación específica e protocolos de actuación”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 3 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14709, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:47
Nº Rexistro: 22106
Data envío: 03/01/2018 13:47:51.717

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:47:45



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 15949**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a discriminación existente, nas contías dos premios establecidos para as participantes da categoría feminina, na segunda edición da competición de descenso urbano Pulpo Extreme que se vai celebrar na primeira quincena de setembro de 2017 en Ourense, a opinión e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para non patrocinar eventos deportivos que discriminan ás mulleres, así como as xestións levadas a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se dixo noutras preguntas respondidas sobre a visibilización e a promoción do deporte feminino, este non é un campo alleo ou paralelo ás accións que realiza a Secretaría Xeral para o Deporte, senón que é un campo máis dentro da nosa estratexia deportiva. Tratar ao deporte feminino como unha disciplina illada é un erro cometido durante moitos anos e estase empezando a corrixir a través da normalización e a non diferenciación. Sempre defendemos que os éxitos do deporte galego son igual de importantes ben sexan acadados por mulleres ou homes. O campo de acción da Secretaría Xeral para o Deporte son os deportistas galegos e galegas. Ser muller ou home, para a Xunta de Galicia é unha característica máis, como tamén o é ser halterófila, nadador ou paraatleta.

Dito isto, hai que ter en conta que cómpre darlle visibilidade -ao igual que outros ámbitos deportivos- ao deporte feminino existente que é moito e de calidade. A Secretaría Xeral para o Deporte destinou un total de 248.500 euros no 2017 para os patrocinios daqueles eventos deportivos que considera de maior interese para a poboación seguindo criterios de participación, importancia, fomento do deporte base e dos deportes minoritarios, difusión de hábitos de vida saudable...

Dos 46 eventos deportivos que patrocinou a Secretaría Xeral para o Deporte no ano 2017 cómpre destacar a existencia de probas exclusivamente femininas como a Copa da Raíña de Balonmán que contou coa participación do Atlético Guardés e o BM Porriño, dous dos equipos galegos máis representativos da nosa terra.

Consideramos que cómpre patrocinar aqueles eventos que albergan moitas modalidades deportivas urbanas entre as que se atopa o skate (que será deporte olímpico nos vindeiros Xogos de Toquio 2020), por iso a segunda edición do Pulpo Extreme organizado polo Club Roller Derby Ourense recibiu no ano 2017 1.500 euros da Secretaría Xeral para o Deporte.

Os clubs son entidades privadas sen ánimo de lucro que contan con recursos moi limitados polo que moitas veces as inscricións dos competidores é a fonte de ingresos que determina o valor dos premios. O caso acontecido no Pulpo Extreme tratase dun caso cunhas circunstancias moi particulares xa que na categoría feminina só estaba rexistrada a inscrición dunha participante. Por iso, desde a Xunta de Galicia promoveremos a participación de mulleres nesta e noutras probas de deporte urbano e descenso DHU para que o número de competidores se iguale nas categorías masculina e feminina e ambos poidan optar aos mesmos premios.

A Secretaría Xeral para o Deporte non financia ningún evento que vaia contra os intereses xerais do deporte e, dentro deste, o deporte feminino. A Lei 3/2012 do Deporte de Galicia explicita claramente que ‘no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrárase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitárase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta’. Iso é o que facemos desde a Xunta de Galicia no desempeño das nosas actividades e, como non, na sinatura dos nosos contratos de patrocinio.

Pero non só se establecen estas obrigas nos documentos legais que circunscriben ao deporte en Galicia. O VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 establece na súa quinta área estratéxica, referida á igualdade na calidade de vida e benestar, que no mundo do deporte é preciso introducir medidas correctoras das desigualdades aínda persistentes. Hai que recoñecer que nos últimos anos aumentou en Galicia a participación das mulleres na actividade deportiva profesional así como o alcance mediático dos seus éxitos en diversas disciplinas. Porén, segue a ser un ámbito no que se atopan aínda infrarrepresentadas, tanto na actividade deportiva de lecer como no deporte federado e de alto rendemento, e no que persisten aínda fortes prexuízos de xénero que frean a incorporación das mulleres a determinados



deportes, tradicionalmente moi masculinizados. Ademais, tamén é menor a presenza feminina nas esferas de decisión, así como en postos técnicos e directivos no adestramento, na arbitrase ou en xurados. Cómpre, polo tanto, continuar o traballo emprendido en prol dunha práctica deportiva igualitaria para as galegas e os galegos coa implicación do conxunto da sociedade.

Un dos obxectivos concretos na promoción da igualdade de xénero por parte do Goberno autonómico é a consecución dun acceso igualitario de homes e mulleres en toda a práctica deportiva, en todas as modalidades e para todos os colectivos implicados. Existe unha vontade clara e decidida de incluír nas políticas de xestión da actividade física e o deporte o principio democrático de igualdade de xénero, garantindo unha participación na que mulleres e homes desempeñen as súas funcións e elixan os seus camiños libremente en igualdade de condicións e intercedendo en todas as situacións en que exista calquera tipo de discriminación para actuar en todos aqueles casos que sexan denunciados ou dos que se teña coñecemento público cando exista fundamento.

Para acadar este obxectivo lévase a cabo a creación e adaptación de infraestruturas e servizos para promover un acceso igualitario á práctica deportiva; o fomento da implicación das e dos escolares e as súas familias en actividades que promovan a igualdade de xénero na práctica deportiva; o desenvolvemento de accións de concienciación e doutras actividades para potenciar a participación das mulleres na práctica da actividade física e deportiva, especialmente en deportes profesionais; o deseño e posta en marcha de accións formativas dirixidas aos distintos axentes do tecido do deporte galego -persoal técnico, adestradoras e adestradores deportivos...- en materia de igualdade de xénero para combater a discriminación de carácter sexista; ou a promoción do acceso igualitario das mulleres ao deporte de alto nivel. Son todas estas tarefas nas que a Xunta de Galicia -a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral da Igualdade- traballa para acadar unha sociedade na que non haxa distinción algunha por motivos de sexo, relixión, raza, crenzas ou ideoloxía.

De feito, no mes de novembro, a Secretaría Xeral para o Deporte anunciaba a modificación da orde de axudas a entidades deportivas de cara ao ano que vén para evitar que ocorran sucesos ou incidentes violentos naquelas competicións de orde autonómica que teñan lugar en Galicia.

Deste xeito, non poderán obter a condición de beneficiarios destas subvencións ‘os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, agrupacións deportivas escolares e seccións deportivas que foran sancionados pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes’. Do mesmo xeito, tampouco poderán optar a estas axudas quen ‘discrimine nos premios ou recoñecementos que outorguen as persoas deportistas por razón de xénero”.

Esta acción completa o acordo parlamentario acadado con motivo do Debate de Estado de Autonomía polo que a Xunta de Galicia deixará de patrocinar os eventos deportivos nos que os premios polos mesmos postos e categorías teñan diferenza de contía entre a competición masculina e feminina. Neste sentido, a Secretaría Xeral para o Deporte incluírá nos devanditos convenios de patrocinio de eventos deportivos unha cláusula pola que os organizadores dos eventos deberán cumprir o disposto no decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e tratar o deporte feminino en completa igualdade co deporte masculino, non só na convocatoria, participación e repercusión destes eventos senón tamén nos premios que se outorguen a cada unha das categorías.

Non son estas as únicas medidas que realiza a Secretaría Xeral para o Deporte en pro da igualdade. Ademais tamén destaca a difusión e comunicación dos logros e méritos do deporte feminino para outorgarlle maior visibilidade; a difusión de referentes exemplarizantes que animen a nenos e nenas á participación na competición de mais alto nivel e/ou un estilo de vida saudable e próspero; o aproveitamento das potencialidades e posibilidades do deporte para a transmisión de valores para transformar a sociedade de xeito que muden os estereotipos e patróns culturais; a garantía de igualdade salarial entre os traballadores das federacións deportivas e nas bolsas aos deportistas de alto nivel; a valoración positiva da presenza de mulleres en postos de decisión nas xuntas directivas de clubs, agrupacións deportivas escolares e federacións; a valoración positiva do número de licencias femininas, da adhesión ao manifesto na igualdade no deporte, polos proxectos das federacións relacionados co fomento do deporte feminino; a solución de conflitos a través da Comisión Galega de Control da Violencia en competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local; o novo decreto que regulará a figura do alto nivel incorporando novas vantaxes para os deportistas; o proxecto ‘Eu son DGAN’ para a incorporación laboral dos deportistas galegos de alto nivel; a colaboración coa Compañía Radio Televisión de Galicia para que se lle de maior visibilidade a aqueles eidos do deporte



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:47
Nº Rexistro: 22105
Data envío: 03/01/2018 13:47:39.202

menos populares como é o deporte de base e o deporte feminino; así como apoio a outras iniciativas

Ese é o deporte que queremos en Galicia, un deporte global, inclusivo, igualitario, para todos e para todas. Un deporte que non entenda de xénero nin de calquera outra condición asignada pola natureza dunha persoa ou polo seu xeito de pensar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9ee20901-c944-64d2-2978-4db76be65c15

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:47
Nº Rexistro: 22105
Data envío: 03/01/2018 13:47:39.202

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:47:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19366**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da revisión do actual sistema de atención ás emerxencias e protección civil de Galicia, a consecuencia das deficiencias detectadas durante a vaga de incendios forestais de mediados de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 10 de novembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 19364, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:47
Nº Rexistro: 22104
Data envío: 03/01/2018 13:47:27.702

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:47:21



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20494**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopan as sendas peonís e carrís bici solicitadas e comprometidas no concello de Laxe no ano 2015 e o prazo previsto polo Goberno galego para o inicio das obras para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas elaborou no ano 2016 a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, dirixida a fomentar a mobilidade alternativa a nivel local, cotián e a escala comarcal, que está sendo desenvolvida a través do Plan de Sendas de Galicia.

Polo que respecta á comarca de Bergantiños, o 13 de abril de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou o contrato de servizo Planificación de actuación de fomento da mobilidade sostible: sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Bergantiños e redacción dos proxectos de construción derivados dela. As actuacións que finalmente resultaron prioritarias como resultado da realización da análise multicriterio foron 7, cunha lonxitude total de 9 quilómetros:

- Carballo - polígono industrial de Bértoa, na AC-552
- Laracha - Paiosaco, na AC-552
- Carballo - Coristanco, na AC-552
- Xornes - Buño- Canta la Rana, na AC-421 e AC-422
- Laracha - O Cancelo, na AC-552
- Laxe - paseo marítimo, na AC-429
- Neaño - Cabana, na AC-429

No caso do concello de Laxe optouse pola actuación que permitirá comunicar a vila de Laxe coa zona de sistemas xerais e equipamentos do municipio (campo de fútbol, pavillón polideportivo, colexio...) situada nas proximidades da praia Cabo da Area. A lonxitude total da senda será duns 550 metros e, segundo a información facilitada, dispónse de ancho suficiente para acometer as obras dentro do dominio público. O proxecto construtivo correspondente a esta actuación, 'Itinerario peonil e ciclista na AC-429, Laxe - paseo marítimo, p.q. 9+950 ao 10+500' está, actualmente, en fase de supervisión."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:47
Nº Rexistro: 22103
Data envío: 03/01/2018 13:47:15.405

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:47:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20610**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da perigosidade que presenta a estrada PO-308 entre Poio e Sanxenxo e necesidade dunha vía alternativa á que permita facilitar a convivencia dos veciños que lindan con ela, o contido do proxecto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia para o seu arranxo e a partida orzamentaria destinada para ese fin para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a traballar na mellora da seguridade viaria da PO-308, co fin de protexer aos usuarios máis vulnerables e executará diversas actuacións, con horizonte do ano 2020, para continuar coa dita mellora. Para isto está a contar coa participación dos concellos, das asociacións veciñais e dos colectivos de fomento do uso da bicicleta.

Por unha banda, e no marco do Plan de Sendas de Galicia na comarca do Salnés, o eixo máis importante das actuacións sitúase ao longo da PO-308, estrada que suma máis de 15 quilómetros de novas sendas. Concretamente están previstos os seguintes traballos:

-No concello de Poio: Itinerario peonil e ciclista na PO-308. Treito: O Covelo-Raxó, p.q. 8+190 - 11+890, de case 4 quilómetros e cun orzamento global superior aos 2 millóns de euros.

-No Concello de Sanxenxo: investimento de arredor de 6,5 millóns de euros. A actuación divídese en varias fases:

- Itinerario peonil e ciclista na PO-308 (p.q. 25+200 ao 27+970). Treito Soutullo-A Lanzada, cunha lonxitude de 2,7 quilómetros. Obra xa finalizada.
- Itinerario peonil e ciclista na PO-308 (p.q. 24+000 ao 25+200). Treito Major-Soutullo, cunha lonxitude de 900 metros. Obra licitada con data de 12 de setembro de 2016 e xa en execución.
- Itinerario peonil e ciclista na PO-308. Treito Portonovo-Major, p.q. 19+690 - 24+300, cunha lonxitude de 4,9 quilómetros. Proxecto redactado e en fase de supervisión.

Ademais, hai outros itinerarios previstos no Plan de Sendas de Galicia na comarca de Pontevedra. Neste caso, os proxectos construtivos están a ser redactados co contrato de servizo licitado o 23 de xuño de 2017. As actuacións que se van realizar son as seguintes:

- Itinerario peonil e ciclista na PO-308, treito: Fontenla-Combarro, p.q. 3+500 - 5+150, no Concello de Poio.

-Itinerario peonil e ciclista na PO-308, treito: Combarro-Chancelas-Samieira, p.q. 5+680 - 8+200, tamén no Concello de Poio.

Cómpre lembrar, ademais, que a Axencia Galega de Infraestruturas reuniuse en datas recentes coa Federación Galega de Ciclismo, coa Dirección Xeral de Tráfico e coa Garda Civil co fin de estudar a sinalización de dúas novas rutas frecuentadas por ciclistas en cada provincia, nas que haberá unha presenza máis intensa da Garda Civil. Unha das estradas incluídas é, precisamente, a PO-308.

Ademais, a Xunta está a impulsar a Estratexia para a eliminación dos tramos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas, que prevé 40 actuacións en 90 km de vías, cun investimento superior aos 12 millóns de euros para ter suprimidos en 2020 todos estes treitos. No caso concreto da PO-308 recóllense:

-No concello de Poio, a actuación 'Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no entorno de TCA's na estrada PO-308, p.q. 8+700 a 12+700'. A proposta foi xa definida tecnicamente e proximamente someterase a información pública a efectos expropiatorios.

-No concello de Sanxenxo, estase a redactar unha memoria valorada denominada 'Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: Mellora de seguridade viaria no entorno de TCA na estrada PO-308, p.q. 18+600 a 19+350'. O proxecto someteuse a información pública o 20 de outubro de 2017."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:47
Nº Rexistro: 22102
Data envío: 03/01/2018 13:47:01.092

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:46:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20613**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a dispoñibilidade pola Secretaría Xeral de Cultura dalgún plan para garantir a viabilidade do Museo de Arte Contemporánea de Vigo e as previsións do Goberno galego respecto do aumento da súa participación no padroado”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 14.12.2017- ao darlle resposta á pregunta 20614 sobre o mesmo tema e formulada polas mesmas deputadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: e9b85430-b515-2da1-66b7-483ede7ac694

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:46
Nº Rexistro: 22101
Data envío: 03/01/2018 13:46:40.873

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:46:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20650**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas repercusións para os mariñeiros galegos da decisión adoptada respecto da aplicación do coeficiente redutor da idade de xubilación do 0,4%”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 29.09.2017- ao darlle resposta á pregunta 567 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 08a0dba4-96e4-e857-04e9-f6f5cc26c4c6

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:46
Nº Rexistro: 22100
Data envío: 03/01/2018 13:46:24.842

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:46:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21195**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as razóns do Goberno galego para continuar anunciado a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 227 do 15 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 19.12.2017- pola conselleira do Mar ao darlle resposta ás preguntas 21414, 21419 e 21420 sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia


CVE-PREPAR: 8fab0e6-a262-5718-ad95-2137e7adb821

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:46
Nº Rexistro: 22099
Data envío: 03/01/2018 13:46:07.795

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/01/2018 13:45:44



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727